

Nota de prensa do 'Consello de Asociacións Socioculturais de Lugo'

Dende o 'Consello de Asociacións Socioculturais de Lugo' queremos expresar a nosa indignación pola anulación da Feira de Asociacións que ía ter lugar en setembro co suposto apoio da Concellería de Cultura do Concello de Lugo.

Este é un proxecto no que levábamos traballando dende finais do ano pasado. Ó principio contamos co apoio do Concello para dignificala e poder achegar así a todos os cidadáns os obxetivos desta exposición que eran:

- Dar a coñecer ou traballo a prol da sociedade que ás asociacións levamos a cabo durante todo o ano e que é suficientemente descoñecido.
- A captación de voluntariado para levar a cabo estas actividades. Xa que por un lado hai xente que está interesado en facer un traballo solidario e gratuíto, tanto xóvenes como xente maior; e por outro hai actividades que ás asociacións non podemos levar a cabo por falta de voluntarios.
- A venda de produtos que ou ben se fan na Asociación, ou cos que se apoia a colectivos desfavorecidos, ou ben cos que se sacan fondos para mantelas organizacións.

Esta feira íase celebrar xa antes do verán, e a poucas datas dela o Concello pedíunos aplazala para finais de setembro. ¿Que nos supón isto ás Asociacións?:

- Pois que tivemos que organizar outras actividades do verán en función da feira.
- Que moitos voluntarios organizaron os seus fins de semana en función da feira.
- Que a produción de material que se ía vender nestas datas se fixo en función da feira.

E ocorreu que cando quedaba pouco tempo para facela, ou Concello di que temos que aplazala. As Asociacións accedemos pra deixalo para finais de setembro como nos indican dende Cultura. E nos poñemos a organizar ás primeiras actividades do curso en función da feira. ¿Que acontece?. Que de novo dende ou Concello din que houbo un erro. Que non pode ser nesas datas pola proximidade do San Froilán, que ten que ser a mediados de mes. E claro ás Asociacións vanse queitando.

¿E que acontece esa mesma semana na que iamos celebrar a Feira?. Pois que o Concello di que temos que anular a feira. Que non se pode celebrar. Non poñemos ás excusas que nos deron porque son irrisorias e aínda dexaríamos peor á concellería se as damos a coñecer. Pero a realidade é que:

- Tivemos que tirar os carteis e dípticos impresos para anunciar esa actividade.
- Ás Asociacións temos que nos "tragar" todo o material que se fixo ou que se mercou a cooperativas de países empobrecidos para vender na feira.
- Tivemos que decirlles aos voluntarios por terceira vez que se anulaban ás actividades que ían a levar a cabo na rúa. E moitos tiveran que facer "números" para cuadrarlles poder estar acá nesas datas.
- Hai Asociacións de minusválidos nos que estes estiveran traballando nos seus talleres dende a primavera ca ilusión de estar facendo cousas para logo vendelas na rúa. Era unha iniciativa moi ilusionante para eles. Tingan ganas de que a xente coñecera ou que fan.

Ás Asociacións queremos expresar a nosa indignación e denunciar o trato recibido pola Concellería de Cultura. E aínda que nas reunións e charlas sempre fomos moi ben recibidos e ben tratados, o resultado final foi vergoñante e decepcionante para ás 25 Asociacións. Translócese así pouco respecto por nos e a nosa labor. E cremos que é fundamental levar a cabo, pero en serio, e non só nas palabras que se din nos mitins, un verdadeiro apoio ou movemento asociativo. A articulación da sociedade é fundamental, e máis cando os obxetivos destas Asociacións é traballar na defensa da parte da sociedade máis feble. Tanto social como

culturalmente. Porque as Asociacións existimos porque hai algo que non funciona axeitadamente na sociedade, e hai xente sensible que pon mans á obra para intentar solucionalo ou para mostrar esa realidade o resto da sociedade. E o mínimo que se debe facer é apoiar esa actividade, ou polo menos non poñer atrancos.

Asociacións do “Consello de Asociacións Socioculturais de Lugo” que iban a participar na Feira:

- A Cova da Terra
- Adace (Dano cerebral)
- Adegas
- Afadi (Discapacitados Psíquicos)
- Afalu (Alzheimer)
- Alas
- Asociación de Fibromialxia de Lugo - ALUFI
- Alume
- Alusor - (Sordos)
- Alto Minho
- Apsnais
- Asociación pola defensa do Parque Rosalía
- Axuda en Acción
- Axunica
- Cogami
- Comité Antisida
- IND
- Inmigrantes e Retornados Rioplatenses
- Promoción e Integración Xitana
- Madia leva
- Meniños
- Sinerxia
- Secretariado Xitano
- Taller de Solidaridad
- Voluntariado Penitenciario